

ADDENDA TERCEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Carlos Vieitez Fernández alcalde-presidente do concello de Meaño, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 26 de xullo de 2021 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (agora denominada Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) asinou un convenio de colaboración co Concello de Meaño para a xestión do comedor escolar no centro educativo CEIP de Coirón-Dena, con vixencia para os cursos escolares 2021-2022 e 2022-2023. O 8 de novembro de 2022 asinaron unha addenda ao convenio de colaboración para o curso escolar 2022-2023. Con data do 11 de agosto de 2023 asinaron a addenda segunda para os cursos escolares 2023-2024 e 2024-2025.

II.- Que tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera de interese público dar continuidade á colaboración iniciada, no seu día, co Concello de Meaño, co fin de favorecer a conciliación da



vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.

III.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

IV.- Que a cláusula décimo cuarta do citado convenio regula a súa vixencia, dispoñendo que estará vixente ao longo dos cursos escolares 2021-2022 e 2022-2023, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co todo anterior, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Meaño, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura desta terceira addenda ao convenio de colaboración para a xestión do comedor escolar no centro educativo CEIP de Coirón-Dena para un total de 60 usuarios máximos autorizados previstos, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta terceira addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 26 de xullo de 2021 durante os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

Segunda.- Financiamento da consellería

A consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no centro educativo CEIP de Coirón-Dena, mediante unha achega económica de 46.728,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 07.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2025: 7.524,00 €

Ano 2026: 23.364,00 €

Ano 2027: 15.840,00 €



Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda terceira. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura desta addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta terceira addenda rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027 do financiamento establecido na cláusula segunda desta addenda.

En proba de conformidade, asínase esta terceira addenda na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 05.06.2024)

Manuel Vila López

O alcalde presidente do Concello de Meaño

Carlos Vieitez Fernández

